

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Francisco Castro: Un bosque cheo de faias

Fábula con mensaxe

Un bosque cheo de faias

Francisco Castro

Everest, A Coruña, 2004. 156 páxs., 7,50 €

Francisco Castro é dende hai xa un tempo un escritor recoñecido no ámbito das nosas letras. Comezou a sachar duramente unha reputación de seu coas xa afastadas obras primeiras, sobre todo con aquel *Amor de cinema* editado por Cumio ou as máis recentes aparicións: *Xeración perdida* e *Memorial do infortunio*.

- 09:21 04/12/2004

Non me cansarei de dicir, e nisto penso que hai moita xente en total acordo co que digo, que a clasificación en literatura é difícil e complexa e no caso concreto da literatura infantil, aínda máis. E digo isto porque os que pensen que a literatura infantil ou xuvenil é unha pseudoliteratura menor enfocada cara a unhas certas idades coma se fose un produto realizado en cadea, está equivocado. Se algunha das persoas que puideran ter prexuízos neste sentido dá un repaso á literatura clasificada como tal que se publica en Galiza ou alén nós podería levar unha gran sorpresa. Os temas abordados nestas obras non son en absoluto temas que se deban ter como xuvenís ou infantís en exclusiva. Máis alá, independentemente de que esta literatura se exprese a través de fábulas ou adobío para rapaces, as mensaxes que alí se atopan son destinadas a un público adulto, pero coa particularidade de que tamén pode ser lida e entendida polos máis novos. Hai casos en que relatos para nenos, e máis nomeadamente en forma de fábula, non pasaron a censura franquista. Incluso o inculto censor era consciente de que con literatura destas características o contido pode ser dunha profundidade importante, e polo tanto perigoso polo seu didactismo.

Hoxe en día non temos censores oficiais, pero de todos os xeitos a sociedade, por ser como é, leva sorpresas con estes libros adobiados en tan fermosas ilustracións ou inseridos en coleccións que en principio están destinadas a un público adolescente. Libros que estaban recomendados pola propia Xunta como obras interesantes para un lector adolescente crearon polémicas importantes entre as ANPAS e pais de alumnos por algún parágrafo ou capítulo que eles consideraban inadecuados para os seus fillos por amosaren de forma explícita certas ideas, como se o que eles entenderan como literatura infantil e xuvenil tivese de ser unha especie de burbulla que illara os seus cativos.

O libro que nos ocupa entra dentro destas posibles circunstancias. E só por iso é digno de louvanza. *Un bosque cheo de faias* aborda o tema da violencia xenófoba entendendo o seu autor o delicado do asunto e

sendo consciente de a quen vai destinado o libro. Aventúrase a plasmar unha triste realidade social que é inherente a unha minoría da xuventude galega tocando de principio a fin diferentes situacións que se poden dar, e previndo ao lector máis novo do perigoso que pode resultar deixarse levar por certa xente. Lonxe de sermóns previsibles e aburridos, Francisco Castro ganduxa con fina pluma unha serie de situacións propias da vida de calquera adolescente. Dende o bar de moda onde se xuntan a tomar as súas consumicións (aquí Castro é un pouco light obviando o consumo de alcohol en idades moi temperás), ata os problemas típicos da adolescencia na casa e no instituto, pasando polos descubrimentos que van facendo en por si, intuindo situacións que lles resultan chocantes con respecto a posibles comportamentos xenófobos dalgúns compañeiros, o libro tracexa unha serie de posibilidades que se poden dar en calquera grupo de amigos de calquera cidade, vila ou aldea do mundo occidental.

O autor sèrvese para presentar estas cuestións do narrador testemuña ou protagonista, que nos conta o que lle aconteceu a un seu amigo e ao seu pai ao seren atacados por un grupo de neonazis. A indignación que provoca a agresión vese complementada pola frustración por ir descubrindo que os responsables de tal acción están moito máis preto do seu contorno do que el mesmo pensa, e as diferentes sorpresas que nos vai concedendo a trama son puntos fortes da narración que, grazas á perspectiva narrativa á que nos referimos, o punto de vista e opinión do que a relata está libre de calquera atranco obxectivizante que puidese outorgarse a unha omnisciencia, para este libríño, innecesaria. Acerto polo tanto tamén nos recursos formais por parte do autor. O narrador testemuña ponse ao servizo total das intencións verdadeiras do autor: a pedagogía socializadora.

Libro, polo tanto, máis que recomendable para que circule polas aulas. Pode abrir mentes que non pensabamos que estivesen tan ofuscadas.

[mércao en Andel](#)